



BASES DA CAMPAÑA MOEDA LOCAL PANCHA DE RIBADEO

TOTALMENTE LOCAL

PAGA 30 E OBTÉN 40

A **Concellería de Turismo, Comercio e Desenvolvemento Local**, xunto con **ACISA** e **Abanca**, lanza a **campaña “Moeda Local Pancha de Ribadeo”** co obxectivo de apoiar o pequeno comercio do municipio e incentivar as compras nun momento sensible para o comercio. Con esta moeda local, Pancha de Ribadeo, **na que por 30€ recibes 40**, preténdese que a veciñanza de Ribadeo se beneficie dun aforro de 33% á hora de facer as súas compras e incentivar, deste xeito, o consumo.

Editáranse **1.000 packs de moedas locais**, indivisibles e iguais. **Os packs constarán de 4 billetes**, distribuídos do seguinte xeito, que permitirán facer compras mínimas desde 5€. Hai que ter en conta que **1€ = 1 Pancha (PCH)**

A campaña terá unha duración dun mes, entre os días 5 de abril e 5 de maio.

30€ → 40 €/ distribuídos en:

- **2 billetes de 5€/Pancha (PCH)**
- **1 billete de 10€/Pancha (PCH)**
- **1 billete de 20€/Pancha (PCH)**

Queremos con este proxecto **VISIBILIZAR** a **SENSIBILIZAR** a importancia do consumo en **clave local** para o desenvolvemento sustentable e pervivencia da vida **de Ribadeo**.

Pretendemos tamén facer un chamamento á cidadanía e a súa capacidade para incidir no desenvolvemento das vilas, e cómo a través do consumo de **5 euros á semana** no pequeno comercio de Ribadeo **significaría máis de 2.500.000 € anuais**, o que se traduciría en **máis traballos, máis servizos e máis calidade de vida**.

De aí que este proxecto estará acompañado dunha campaña de consumo local, chamada **TOTALMENTE LOCAL**.



BASES

CARACTERÍSTICAS DA CAMPAÑA

1. Poñeranse en marcha **1.000 bonos/packs en forma de moeda local**. O custe de adquisición de cada bono será de **30€** e dará á persoa portadora do mesmo un valor de **40€/Panchas (PCH)** para o seu consumo exclusivo nos comercios adheridos a campaña entre os días 5 de abril ao 5 de maio de 2019. Hai que ter en conta que 1€ = 1 Pancha (PCH).
2. **Poderanse adquirir un máximo de 2 bonos por persoa**, acreditado con DNI orixinal, NIE ou documento acreditativo equivalente. Cada persoa poderá levar como máximo 4 D.N.I. (incluído o propio) orixinais de persoas distintas.
3. Só poderán adquirir bonos as persoas maiores de idade.
4. **Poderanse acumular un máximo de 2 bonos por compra**. Isto é: cada comercio só poderá admitir **80 Panchas por compra**. Se o importe da compra é maior, o resto deberá ser aboado en euros.
5. A moeda local non é canxeable por diñeiro en efectivo e non se devolverá o importe das mesmas en ningún caso. De producirse unha devolución dun produto mercado con moeda local, o establecemento emitirá un vale polo importe íntegro da compra.
6. Cada moeda local terá un único uso. Se o importe da compra é inferior ao importe da PANCHA, non se devolverá o cambio en efectivo.
7. A moeda poderá adquirirse desde o **xoves 4 de abril, e até fin de existencias, nas oficinas de ABANCA en Ribadeo**, en horario de 8.15 a 14.15 h de luns a venres, e tamén os xoves de 16.30 a 18.45h.



8. As persoas que adquiren a moeda local poderán utilizalas entre o **venres 5 de abril e o domingo 5 de maio**, ambos inclusive, nos comercios adheridos á campaña. Os establecementos estarán debidamente identificados. **Transcorrido este prazo, as moedas locais perderán a súa validez como medio de pago.**
9. Os comercios que desexen participar terán que adherirse á campaña, SEXAN OU NON DE ACISA, entre o **20 de marzo e 3 de abril de 2019**.

ADHESIÓN A CAMPAÑA

Poderá adherirse á campaña calquera persoas física o xurídica cúa actividade empresaria se encadre dentro do sector do comercio e certos servizos (VER DETALLE DE IAE en anexo), e que ademais cumpran os seguintes requisitos:

- O seu punto de venda **esteá radicado no municipio de Ribadeo**.
- Que teña unha **plantilla de persoas traballadoras menor ou igual a 10 persoas**.

- *Detalles IAE.- Segundo a clasificación de epígrafes do IAE, **poderán adherirse á campaña** todos aqueles establecementos que estean dados de alta en algún dos seguintes epígrafes:
 - 1.64 - Comercio polo miúdo de produto alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecemento permanente (salvo epígrafe 647.4.- comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimentarios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 300 metro cadrados; e epígrafe 647.5.- Subministro de produtos alimenticios e bebidas, excluído o tabaco, a través de máquinas expendedoras).
 - 1.65 - Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes (salvo epígrafe 652.1 – Farmacias, comercio polo miúdo de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal; epígrafe 655. - Combustibles, carburante e Lubricantes; e epígrafe 658- Compravenda de gando).
 - 1.971 - Lavanderías, Tinturerías e servizos similares.



- 1.9721 - Servizos de perruquería de señoras e cabaleiros e 1.9722 Salóns de institutos de beleza.
- 1.9731 - Servizos fotográficos.
- 1.975 - Servizos de enmarcación.
- 1.981.2- Xardíns de recreo nos que a entrada é por prezo.
- (A organización se reserva o dereito de poder modificar este detalle de IAE)

1. SOLICITUDE

Os establecementos interesados en participar deberán adherirse aportando á seguinte documentación:

- Solicitud , declaración e compromiso de adhesión. ANEXO I
- Copia de N.I.F.
- Copia do TC2
- No caso de que non teña traballador@s: informe negativo de inscrición de empresa.
- Copia do certificado de epígrafes do IAE
- Outra documentación: a organización resérvase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario recabar para permitir unha mellor valoración da solicitude de adhesión.

2. OBRIGAS DO ESTABLECIMENTO ADHERIDO

O comercio adherido comprométese a colocar os materiais informativos da campaña, en lugar ben visible do establecemento. Dita documentación consistirá:

- Bases de participación
- Cartel identificativo de participación
- Manifiesto de consumo local

Os comercios adheridos deberán ademais

- **Gardar o ticket ou factura de compra** que deberá estar correctamente cumprimentado e recoller os seguintes datos:
 - Nome do establecemento, data de compra, CIF/NIF, IMPORTE.



- **Achegar as moedas locais, seladas polo comercio no momento de recibilas, ao tícket ou factura de compra.**
- Informar as persoas clientes da campaña.

3. PROCEDEMENTO DE CANXE DA MOEDA POR PARTE DOS COMERCIOS ADHERIDOS

- Os comercios participantes deberán gardar o billete da moeda local orixinal que teñan recibido e achegarlle o tícket ou factura. Os billetes de moeda local deberán selarse polo comercio no momento de recibilos.
- Antes de liquidalos por euros en Abanca, os comercios deberán entregar a documentación (tícket ou factura de compra + moedas locais seladas) na oficina de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo a efectos de que sexa validada.
- **A documentación será validada os luns 15, 22 e 29 de abril, e 6, 13 e 20 de maio, en horario de 9h a 14 h.**
- Unha vez validada a documentación **as moedas locais se liquidarán na oficina ABANCA de Ribadeo até o 24 de maio** mediante ingreso na conta ou en efectivo.